



ÁREA DE ESPAREXEMENTO CONCELLO DE MARÍN

"BASES PARA A ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓN S DE USO DAS HORTAS URBANAS ECOLÓXICAS SITUADAS NA PARCELA MUNICIPAL LINDANTE CO PABILLÓN DO SEQUELO"

O Concello de Marín, a través da Concellería de Medio Ambiente, quere continuar coa promoción das **Hortas Urbanas Ecológicas** como unha alternativa de ocio saudable para aqueles veciños que se interesen pola agricultura tradicional e ecolóxica, actividade que ven dando os seu fruto dende o ano 2012 e que por elo este Concello pretende continuar coa devandita iniciativa.

O proxecto segue a pretender organizar unha actividade lúdico-educativa coa finalidade de fomentar a participación da poboación na recuperación e mantemento dunha agricultura respetuosa co medio ambiente a través da creación e mantemento de hortas urbanas ecológicas, creando ao mesmo tempo unha alternativa cultural e de ocio que fomente a súa vez a idea de desenvolvemento sostible.

As presentes bases teñen por obxecto a regulación do procedemento de concesión de autorizacións de uso dun ben demanial como son as hortas urbanas ecológicas situadas na parcela municipal que existe na fachada posterior do pabillón de deportes do Sequelo. Asimesmo, estas bases serán publicadas no tablón de edictos do Concello de Marín e na páxina web municipal.

1- Características

Para a creación das hortas urbanas o Concello de Marín habilitou unha parcela no lugar do Sequelo, na fachada posterior do pabillón de deportes. Dita parcela ocupa unha extensión aproximada de 2000 m², dos cales aproximadamente 900 m² están adicados as hortas urbanas.


Realizouse unha parcelación do terreno, resultando un número de 71 parcelas de entre 10 e 12 m².

As hortas urbanas están concebidas como un sistema que permite o cultivo individual de pequenas parcelas de terra de forma tradicional mediante o emprego de técnicas de cultivo ecolóxico, quedando prohibida a utilización de calquera elemento químico, ben sexa fitosanitario, herbicida ou abonado.

Por parte do Concello realizáñanse visitas periódicas ás hortas urbanas para verificar si se cumplen as normas establecidas respecto do cultivo ecolóxico. Si o Concello observara que durante o prazo de un mes, non se dispuxera da parcela concedida, poderá adxudicarla a outro solicitante seguindo a estricta lista de reserva, e em caso de que non exista reserva, seguirase a estricta orde de presentación fora do período de inscripción, cos criterios das devanditas bases.

2- Obxectivos do proxecto

- * Fomento da participación cidadá e do desenvolvemento sostible.
- * Promover a Educación Ambiental.
- * Establecer e valorar as relaciós entre o medio natural e as actividades humanas.
- * Facilitar o contacto directo e a manipulación de elementos como a terra, a agua, as plantas, etc., proporcionando unha experiencia enriquecedora.
- * Coñecer as técnicas de cultivo da Agricultura Ecolólica.



- * Fomentar a adquisición dunha serie de valores que nos motiven a sentir interés e preocupación por conservar a biodiversidade e os hábitats naturais das especies hortícolas tradicionais e autóctonas.
- * Realización de labor social de apoio a desempregados.
- * Proporcionar o colectivo de maiores unha actividade lúdico-educativa, donde ademáis das labores propias da actividade, poderán enriquecerse con consellos propios da súa experiencia.

3- Poboación a quen se dirixe.

Se establecen os seguintes grupos:

- 40 Hortas para xubilados ou pensionistas.
- 15 Hortas para persoas en paro que non reciban prestación por desemprego.
- 12 Hortas para veciños en xeral.
- 4 Hortas para persoas con Minusvalía ($\geq 33\%$) ou que demostren Intolerancias Químicas.

DADO O INCREMENTO DA DEMANDA DE SOLICITUDES PARA A ADXUDICACIÓN DAS HORTAS URBANAS, NO CASO DE QUE O NÚMERO DE SOLICITUDES EXCEDA O NÚMERO DE HORTAS (71), PARA AS SOLICITUDES QUE TEÑAN O MESMO ENDEREZO DE EMPADRONAMENTO, SÓ SE ADMITIRÁ UNHA.

PARA CADA GRUPO SE FARÁ UN SORTEO ENTRE OS SOLICITANTES. NO CASO DE QUE OS ADXUDICATARIOS TEÑAN DISFRUTADO DUNHA HORTA URBANA O ANO ANTERIOR, ADXUDICARASELLA A MESMA HORTA, NO CASO DE QUE O SOLICITE.

SE ALGÚN DOS GRUPOS NON SE COMPLETA COAS SOLICITUDES PRESENTADAS, SE SORTEARÁN AS VACANTES ENTRE OS NON ADXUDICATARIOS DO RESTO DOS GRUPOS.

4- Requisitos dos solicitantes e documentación a presentar

Poderán solicitar parcelas aquelas persoas físicas que xustificándoo pertenezan a algún dos seguintes sectores de poboación.

- Xubilados: veciños que se atopen en situación de xubilación e teñan máis de 65 anos ou cuxo único ingreso sexa unha prestación por invalidez.
- Parados sen prestación por desemprego: veciños que se atopen en situación de desemprego e non perciban prestación.
- Minusválidos: persoas que demostren ter unha minusvalía de ao menos o 33%
- Intolerantes Químicos: Persoas que demostren xustificante médico de dita intolerancia.
- Veciños en xeral: aqueles veciños que non se atopen en ningunha das situacións anteriores.

O lugar de presentación de solicitudes será o Rexistro Xeral do Concello, sito na Avd. de Ourense s/n, achegando a seguinte documentación:

- 1 Instancia xeral solicitando formar parte da convocatoria para obter o correspondente permiso para explotar unha das hortas urbanas.
- 2 Fotocopia do DNI ou tarxeta de residencia.



- 3 Volante de empadroamento que xustifique levar empadroado en Marín un mínimo de dous anos.
- 4 Documento acreditativo de acharse en situación de desemprego e non percibir prestación algúna.
- 5 Documento acreditativo de acharse en situación de xubilación.
- 6 Documento que acredite dispoñer como única fonte de ingreso unha prestación por invalidez.
- 7 Documento de grado de minusvalía.
- 8 Informe médico de Intolerancia Química.

5- Prazo de presentación de solicitudes e procedemento de adxudicación.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día 3 de decembro de 2015 e finalizará o día 21 de decembro de 2015 (ambos incluídos).

O sorteo das parcelas realizarase o vindeiro dia 29 de decembro de 2015 nas dependencias municipais ás 12 horas.

6- Réxime de uso das hortas urbanas.

Aquelas persoas que soliciten autorización para explotar unha horta urbana ecolóxica comprométense a desenvolver a actividade agrícola dentro dos límites sinalados para a parcela concedida, facendo bo uso do solo en todo momento e do espacio donde a mesma se exerce e acatando as normas de funcionamento.

As persoas beneficiarias das hortas urbanas comprométense a manter a súa parcela en perfecto estado de limpeza e conservación, respetando os elementos que dividen e separan as parcelas (setos, valados, cercas, etc...) quedando totalmente prohibida a súa manipulación.

As hortas urbanas serán cultivadas atendendo aos criterios de agricultura ecolólica en todas as actividades que se poidan levar a cabo (control de plagas, abonado, rego...).

Os adxudicatarios de cada parcela deberán identificarse sempre que lle sexa requerido pola Policía Local ou por personal do Concello, mediante el Documento Nacional de Identidade, a Tarxeta de Residencia, ou documento que legalmente o sustitua, se así lles é solicitado. No suposto de que o adxudicatario non poida atender a horta de forma temporal (enfermidade, vacacións, etc...) e delegue os coidados da mesma a outra persoa, esta deberá presentar a correspondente autorización firmada polo adxudicatario o persoal do concello, xustificando o motivo e a duración.

Prohibicións: plantar lume nas hortas, o seu arrendamento a terceiras persoas, así como a venta dos seus froitos.

As ferramentas necesarias para a actividade disporán dunha caseta donde gardalas dentro das instalacións, sempre tendo en conta que se trata dun lugar para uso de todos os adxudicatarios. O Concello de Marín non se fai responsable de calqueira roubo, hurto ou destrozo ocasionado na mesma.

- Queda prohibida a instalación de casetas, quioscos, sillas, bancos ou calquera tipo de instalación a excepción das que instale o propio Concello, ou sexa expresamente autorizada por éste. Esta autorización deberá solicitarse por escrito á concellaría de Medio Ambiente.



- A actividade agrícola poderá levarse a cabo de luns a domingo durante todo o tempo de duración da autorización, entre as 7:00 e as 23:00 horas, tendo especial coidado en non molestar aos veciños con conversas altas, gritos ou outros comportamentos ruidosos que poidan perturbar o descanso, especialmente entre as 7:00 e as 9:00 e entre as 20:00 e as 23:00 horas.

O Concello está exento de responsabilidade polos danos que poiden sufrir os usuarios derivados da actividade, así como os danos que poiden ocasionar a éstes, terceiras persoas.

Os adxudicatarios de cada parcela, estarán obrigados a coidar a mesma, responsabilizándose de tódolos desperfectos que se poiden ocasionar e comprometéndose a deixar a parcela no mesmo estado de conservación en que a recibe.

Naquelas hortas nas que no momento de extinguirse a autorización existisen colleitas pendentes de recolección, éstas entenderanse entregadas aos novos propietarios, tan pronto como sexa efectuada a recolección da colleita pendente.

O Concello farase cargo da supervisión do proxecto, para o cal inspecionará periódicamente as parcelas e esixirá o cumplimento de tódalas normas contidas nestas bases.

No suposto de que o adxudicatario non poida atender a hora de forma temporal (enfermidade, vacacións, etc...) e delegue os coidados da mesma a outra persoa, esta deberá presentar a correspondente autorización firmada polo adxudicatario o persoal do concello.

A autorización para explotar as hortas urbanas ecológicas poderá revocarse por causas derivadas do incumprimento das normas de uso ás que se fai referencia neste punto, sin que o seu titular teña dereito a indemnización e sen prexuízo da incoación dos expedientes sancionadores a que hubiese lugar.

7- Prazo de cesión.

As hortas cederánse por un periodo de dous anos. O Concello poderá cambiar a ubicación ou ben cancelar o proxecto o que conllevará a anulación da cesión mediante comunicación previa e por razóns de interese municipal.

Finalizado o prazo de cesión polo seu propio vencemento, por causas imputables ao cesionario ou por cualquera outra causa non imputable ó Concello, o cesionario perderá os dereitos sobre os produtos hortícolas non recollidos ou aproveitados, sin que por elo poida esixir indemnización algúns e sen menoscabo das responsabilidades que poidan esixírselle polos danos e perxuzos causados.

8- Extinción da autorización demanial.

A autorización demanial para explotar as hortas ecológicas asignadas a cada adxudicatario extinguírase por algunha das seguintes causas.

- Morte ou incapacidade do adxudicatario.
- Caducidade por vencemento do prazo.
- Revocación unilateral da autorización.
- Mutuo acordo.
- Desaparición do ben ou esgotamento do aproveitamento.
- Incumprimento das normas sobre agricultura ecolólica.



-Non destinar a parcela a usos agrícolas.

9- Réximen xurídico da autorización demanial.

A explotación das hortas urbanas ecológicos situados en terreos de dominio público, ten a natureza xurídica de uso común especial de bens de dominio público, conforme establece o artigo 75.1º, b) do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño, e o art. 85.2 da Lei 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

A participación na adxudicación da cesión das hortas urbanas ecológicas, supón a aceptación das presentes bases, de forma que a autorización se concederá en precario, puidendo ser revogada ou modificada en calqueira momento por causas xustificadas, derivadas do seu incumplimento, ou por razóns de forza maior debidamente acreditadas, sin que o seu titular teña dereito a indemnización ou compensación algunha en ningún dos casos.

Marín, 24 de novembro de 2015.

